



INFORMACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS

ÍNDICE

1. Pagamento da taxa por participar nas probas selectivas:.....	2
2. Contía que se debe aboar:.....	2
3. Exención no pago da taxa:.....	2
4. Bonificación no pago da taxa:.....	3
5. Procedemento para o pagamento:.....	4
6. Códigos para encher no documento de pagamento de taxas:.....	5
7. Xustificante de pago:.....	5
8. Devolución de taxas para os/as aspirantes excluídos:.....	6
9. Incidencias no pago:.....	6
Anexo I de categorías e taxas.....	8

1. Pagamento da taxa por participar nas probas selectivas:

As persoas aspirantes que desexen participar nun proceso selectivo, agás que se atopen incluídas nos supostos de exención ou bonificación da taxa, deberán aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe que corresponda por categoría e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes. Deberá pagar unha taxa por cada unha das categorías ás que se vai a presentar.

2. Contía que se debe aboar:

A contía sen exención que se debe aboar por cada categoría en concepto de dereitos de exame é a que figura no cadro de categorías e prazas (Anexo I). No suposto de ter bonificación no pago da taxa, a contía a ingresar será do 50%. Nos dous casos haberá que engadir os gastos de transferencia correspondentes, de ser o caso.

3. Exención no pago da taxa:

Están exentos do pago da taxa as persoas nas que concorran algunha das seguintes condicións:

- Discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Membro de familia numerosa clasificada na categoría especial.

As circunstancias de exención deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso:

- Copia compulsada da cualificación da discapacidade.
- Copia compulsada do título oficial de familia numerosa especial.

4. Bonificación no pago da taxa:

Aplicarase unha bonificación do 50% á inscrición solicitada polas persoas nas que concorran algunha das seguintes condicións:

- Membro de familia numerosa de categoría xeral.
- Demandante de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- Polas vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

As circunstancias de bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso:

- Copia compulsada do título oficial de familia numerosa, de carácter xeral.
- Certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.
- Sentenza xudicial firme ou resolución administrativa pola que se recoñece a condición de vítima do terrorismo.

Non será preciso a presentación da documentación anterior se a persoa aspirante marca a opción de verificación a través da plataforma de intermediación (Pasaxe!) no formulario de inscrición.

No caso do título de familia numerosa de categoría xeral ou especial e do certificado de cualificación da discapacidade, poderá realizarse a comprobación a través de (Pasaxe!) só no caso de estar expedidos por un órgano da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Procedemento para o pagamento:

A través de Fides/Expedient-e: Logo de ter confirmada a solicitude de participación no proceso, poderá acceder ao **módulo de pago electrónico de taxas** premendo na icona da tarxeta de crédito que aparecerá á dereita do resumo da solicitude no apartado de Procesos/OPE do Expedient-e.

A través da oficina virtual da Axencia Tributaria de Galicia: No menú "*Cidadáns*" na sección "*Pago de Taxas e Prezos*", poderá efectuar o pago, na opción "*Iniciar taxa*"

a) De xeito presencial: Mediante a descarga do modelo AI e despois de enchelo cos seus datos, realizar o ingreso ou transferencia bancaria nalgunha das distintas entidades colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Mediante a xeración en liña do modelo de autoliquidación, cos seus datos persoais xa impresos (Modelo 731) e posterior ingreso nas entidades colaboradoras autorizadas.

c) Mediante o cargo á conta, con tarxeta de crédito/débito ou Bizum. Neste caso, as entidades colaboradoras e a forma de pago poden variar en función do tipo de acceso (con ou sen certificado dixital).

Pode obter máis información sobre o proceso, así como os modelos de pagamento de taxas, no apartado de **Modelo de autoliquidación de taxas.**

Se se detecta falsidade ou inexistencia da documentación necesaria para ter dereito á exención ou redución da taxa, os aspirantes serán excluídos do proceso selectivo.

6. Códigos para encher no documento de pagamento de taxas:

Consellería de__ Sanidade-----Código: 11

Delegación de__ Servizos Centrais-----Código: 13

Servizo de__ Xerencia -----Código: 03

Taxa denominación_ Inscripción proceso selectivo SERGAS---Código:
300302

7. Xustificante de pago:

Realizado o pagamento a través de FIDES, queda automaticamente anexo á súa solicitude o correspondente xustificante, que se visualizará á beira da inscrición mediante unha icona con forma de factura ou recibo. Neste caso non é necesario achegar dito xustificante por rexistro. Comprobe que se trata do **modelo 730** ou complete a operación co código NRC facilitado pola entidade bancaria se o que obtivo foi o modelo 739 (non válido).

Se realiza o pagamento directamente desde a Axencia Tributaria de Galicia, pode obter varios modelos de xustificantes válidos en función do método de pago elixido: **Modelo A1** (pago presencial con modelo a cubrir en branco), **modelo 731** (pago presencial con modelo cuberto

por ordenador) ou **modelo 730** (pago por medios telemáticos). Nestes casos, si é preciso achegar dito xustificante nun rexistro administrativo xunto co anexo da inscrición no proceso.

Do mesmo xeito que ocorría no caso do pago por FIDES, se o xustificante obtido é o modelo 739 (que corresponde a un paso intermedio non válido) deberá acceder de novo á Axencia Tributaria para completar o proceso de pagamento cos códigos da operación enviados pola Axencia Tributaria ao seu correo electrónico.

8. Devolución de taxas para os/as aspirantes excluídos:

Aos/ás aspirantes excluídos/as que o soliciten no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, devolveráselles, tras os trámites correspondentes o importe aboado en concepto de dereitos de exame.

Na solicitude de devolución deberá consignarse o seu nome, apelidos, NIF, número de conta bancaria (vinte díxitos) e localidade desta; tamén debe achegar copia compulsada do impreso de autoliquidación da taxa. As solicitudes deben dirixirse á Subdirección Xeral de Selección de Persoal do Servizo Galego de Saúde, Edif. Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

9. Incidencias no pago:

Unha vez que teña en calquera dos estados de **CONFIRMADA** a súa solicitude de inscrición, poderá visualizar a icona da pasarela de pagamento electrónico (icona con forma de tarxeta de crédito). No caso de que o sistema non realice ningunha acción ao premer nesta icona, recoméndase desbloquear a apertura das xanelas emerxentes (pop-ups) no navegador web empregado.

Para estes efectos, xeralmente tería que proceder do seguinte xeito:

-1. Abrir o navegador correspondente

Xa sexa Chrome, Firefox ou Edge.

-2. Acceder á configuración:

Busca o menú de opcións (xeralmente tres puntos verticais ou unha roda dentada) e seleccionar "Configuración" ou "Opcións".

-3. Buscar a configuración de xanelas emerxentes:

Pode estar en "Privacidade e seguridade", "Configuración do sitio" ou unha sección similar.

-4. Desbloquear as xanelas emerxentes:

Busque a opción para permitir a apertura das xanelas emerxentes e actívea.

Lembre tamén que dispón doutros métodos alternativos de pagamento (modelo en branco, presencial ou telemático e tpv virtual) todos eles accedendo directamente a páxina web da Axencia Tributaria de Galicia na sección de pago de taxas e prezos da súa [Oficina Virtual Tributaria](#). Pode atopar máis información e os códigos para cubrir os modelos na seguinte [ligazón](#).

Anexo I de categorías e taxas

ESTAMENTO	SUBGRUPO CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL	TAXA	TAXA BONIFICADA
LICENCIADO SANITARIO	A1	Médico/a Xeral ADOS	44,17 €	22,09 €
		Médico/a Admisión e documentación clínica	44,17 €	22,09 €
		Farmacéutico/a de atención primaria	44,17 €	22,09 €
		Odontólogo/a de atención primaria	44,17 €	22,09 €
DIPLOMADO SANITARIO	A2	Dietista-nutricionista	38,02 €	19,01 €

SUBGRUPO CLASIFICACIÓN	CLASE DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	TAXA	TAXA BONIFICADA
A1	Farmacéutico/a Inspector/a de Saúde Pública	44,17 €	22,09 €
	Inspector/a Médico/a	44,17 €	22,09 €
	Licenciado/a en Ciencias Biolóxicas	44,17 €	22,09 €
	Licenciado/a en Ciencias Químicas	44,17 €	22,09 €
	Licenciado/a en Farmacia	44,17 €	22,09 €
	Licenciado/a en Psicoloxía	44,17 €	22,09 €
A2	ATS/DUE	38,02 €	19,01 €
	Subinspector/a sanitario/a	38,02 €	19,01 €